



# PDR 2014\_2020 DE GALICIA

## PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

### Medida 21

**Axuda temporal excepcional destinada aos agricultores e ás pemes especialmente afectados pola crise de COVID-19**

### Submedida 21.1

**Axuda temporal excepcional destinada aos agricultores e ás pemes especialmente afectados pola crise de COVID-19 (art. 39b)**



## Índice

1. Medida 21. Axuda temporal excepcional destinada aos agricultores e ás pemes especialmente afectados pola crise de COVID-19.....	2
<b>1.1.1. Quen pode solicitar esta axuda?</b> .....	2
<b>1.1.2. Que tipo de axuda é?</b> .....	2
<b>1.1.3. Cal é súa contía?</b> .....	2
<b>1.1.4. Que requisitos se han de cumprir para recibila?</b> .....	3
<b>1.1.5. Como se solicita?</b> .....	4
<b>1.1.6. Como se concede?</b> .....	4



# 1. Medida 21. Axuda temporal excepcional destinada aos agricultores e ás pemes especialmente afectados pola crise de COVID-19

A axuda correspondente á medida 21 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 ven contemplada no artigo 39 ter do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), artigo engadido polo Regulamento (UE) 2020/872 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2020, que modifica o anterior.

Con esta medida proporciónase unha axuda temporal excepcional aos agricultores e PEMES especialmente afectados pola crise de Covid-19, co obxectivo de garantir a continuidade da súa actividade empresarial.

A axuda artículase nunha única submedida.

## 1.1.1. Quen pode solicitar esta axuda?

- ✓ As persoas titulares das explotacións agrarias de flor cortada
- ✓ As persoas titulares dos viveiros de planta ornamental
- ✓ As asociacións, agrupacións, organizacións de produtores de flor cortada ou planta ornamental ou as persoas das alíneas anteriores, que realicen a comercialización dos produtos dos seus socios
- ✓ As persoas titulares de explotacións agrarias con orientación produtiva cárnica de vacún

## 1.1.2. Que tipo de axuda é?

A axuda artículase como unha compensación por manter a actividade e consistirá nun pagamento a tanto global en función das unidades de traballo anual ou das vacas nutrices existentes no momento da declaración do estado de alarma

## 1.1.3. Cal é súa contía?

- ✓ No caso do sector de flor cortada, planta ornamental e a súa comercialización a contía da axuda establecerase en base ás unidades de traballo anual a data de 14 de marzo de 2020.
  - \* No caso de produtores, en función do número de unidades de traballo:
    - < 0,5 unidades de traballo: 1.750 €
    - > 0,5 < 1 unidades de traballo: 3.500 €



- > 1 unidade de traballo : 7.000 €
- ✘ No caso de agrupacións de produtores o de produtores que se dediquen á comercialización, en función do número de socios produtores no primeiro suposto ou de traballadores con dereito a axuda no segundo:
  - Entre 1 y 5: 6.250 €
  - Entre 6 y 10: 18.750 €
  - Entre 11 y 15: 31.250 €
  - Entre 16 y 20: 43.750 €
  - Más de 20: 50.000 €
- ✓ No caso de produtores de vacún de carne, a contía da axuda calcularase en función dos seguintes tramos de vacas nutrices presentes na explotación a data de 14 de marzo de 2020:
  - De 10 a 19: 900 €
  - De 20 a 29: 1.250 €
  - De 30 a 39: 1.750 €
  - De 40 a 49: 2.250 €
  - De 50 a 59: 2.750 €
  - De 60 a 69: 3.250 €
  - De 70 a 79: 3.750 €
  - De 80 a 89: 4.250 €
  - De 90 a 99: 4.750 €
  - De 100 a 109: 5.250 €
  - De 110 a 119: 5.750 €
  - De 120 a 129: 6.250 €
  - De 130 a 139: 6.750 €
  - Más de 140: 7.000 €

#### 1.1.4. Que requisitos se han de cumprir para recibila?

- ✓ No caso de produtores de flor cortada, estar inscritos no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), regulado polo Decreto 200/2012, do 4 de outubro, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, con data anterior ao 1 de xaneiro de 2020, con orientación produtiva flor ao aire libre ou en invernadoiro.
- ✓ No caso de viveiros, terán que estar autorizados e rexistrados para a produción de especies e grupos de especies establecidas no anexo do Real decreto 1891/2008, do 14 de novembro, polo que se aproba o Regulamento para a autorización e rexistro de produtores de sementes e plantas de viveiro e a súa inclusión no Rexistro Nacional de Produtores, con data anterior ao 1 de xaneiro de 2020, nos seguintes grupos: a) Grupo 4: todas as especies aromáticas, condimentarias e medicinais b) Grupo 5: todas as especies de uso ornamental; así como ter

realizada a declaración de cultivos e de comercialización anual de acordo co que sinalen os regulamentos técnicos específicos segundo o establecido no artigo 6 do Real decreto 1891/2008, do 14 de novembro, polo que se aproba o regulamento para a autorización e rexistro de produtores de sementes e plantas de viveiro.

- ✓ As explotacións agrarias con orientación produtiva cárnica de vacún deberán estar inscritas no Reaga con clasificación zootécnica de reprodución para produción de carne ou mixta, que tivesen ao menos 10 vacas nutrices, calculadas na data do 14 de marzo de 2020.
- ✓ As empresas que se dediquen á comercialización poderán ser beneficiarias sempre que teñan a consideración de pequena e mediana empresa agraria, e non se consideren empresas en crise, segundo o establecido nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal para o período 2014-2020 e no Regulamento (UE) nº 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño.
- ✓ Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias aquelas que incorran nalgunha das causas previstas no artigo 10, puntos 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### 1.1.5. Como se solicita?

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

#### 1.1.6. Como se concede?

O procedemento de concesión axustarase aos principios de publicidade, transparencia e obxectividade e, con carácter excepcional, aplicarase o réxime de concorrencia mediante un sistema de rateo, de acordo co artigo 19.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para obter máis información, consulte a sección 8.2.8 del Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.